d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, estimase que o impacto orzamentario para 2020 ascenderá a 4.000€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, "cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública" a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesiedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.



Concello de Vigo

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS QUE PRESTA O “VIGOZOO” (53), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Modifícase o apartado c)

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

ARTIGO 4. COTAS.

Modifícanse os puntos 1, 2 e 3

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (laborais) 2,60 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos) 3,20 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (laborais)	5,25 €
d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive . (sábados tarde, domingos e festivos)	6,25 €
e) Abono anual persoal e intransferible: - Bono familiar (familias de hasta 5 membros e cuxos fillos non superen os 18 anos). - Bono individual	31,15 € 18,65 €
f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante:	2,05 €
g) Grupos organizados adultos:	4,10 €

2. Tarifa reducida:

- Por cada persoa:	1,75 €
--------------------	--------

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

- a) Persoas con carné xove.
- b) Discapacitados.
- c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

a) Menos de 4 horas	74,95 €
b) Por cada xornada	224,90 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(669).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 2594/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/19, dáse conta do informe-proposta do 16/07/19, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. (LRLG)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade do goberno local.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- A través do Acordo plenario de 6 de setembro de 2017 aprobáronse as tarifas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (expte. 2406/500)

Segundo.- Mediante Acordo plenario de 5 de setembro de 2018 aprobouse a adaptación do texto da ordenanza fiscal das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos á nova redacción do artigo 20.6 do TRLRFL. (expte. 2437/500)

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das tarifas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 20.6 a natureza de prestación patrimonial de carácter público das contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o parágrafo catro deste artigo, determinando que estas contraprestación se regularan mediante ordenanza.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 820.000€ fronte a un custe de 3.183.881,26€

En consecuencia a proposta que se formula implica unha actualización nas tarifas relativas á prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 nun 2,5%.



Concello de Vigo

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida relativa á prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 20.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS” (61),

QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5. TARIFAS.

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos

que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización	74 €
Incremento diario por depósito e custodia	5,75 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Inmovilización	140 €
Incremento diario por depósito e custodia	10,75 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización	216 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	74 €
Incremento diario por depósito e custodia	5,75 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	140 €
Incremento diario por depósito e custodia.	10,75 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	216 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	250 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.



Concello de Vigo

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(670).- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). EXPTE. 619/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

Visto o informe de data 17/07/19, do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais que figura no expediente, relativo á representación do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) e, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **proposta**:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao concelleiro designado, á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), ao xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede

electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

18(671).- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 623/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Visto o informe de data 22/07/19, emitido pola Directora de Ingresos que figura neste Expte. 623/1102, en relación co apartado Décimo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 17/07/19, relativo á designación de representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo. polo que se indica a procedencia de nomeamento do Sr/a Concelleiro/a así como do/a suplente como vocal representante e suplente no “**Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra**”, organismo adscrito á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra e, regulado nos artigos 13, 14 e 15 do RD 417/2006 de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, procede, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, emitir proposta á Xunta de Goberno Local, deixando sen efecto o apartado Décimo do acordo da XGL do 11/07/19, relativo á DESIGNACIÓN REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN PADROADOS, FUNDACIÓNS E EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS e, consecuentemente emitir nova proposta.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado Décimo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 17/07/19, relativo á designación de representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo estará representado no **Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra**, organismo adscrito á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra e, regulado nos artigos 13, 14 e 15 do RD 417/2006 de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño.



Concello de Vigo

Exercerá de vocal suplente á Directora de Ingresos do Concello de Vigo, D^a M^a Jesús Magdalena Vila.

Terceiro.- Comunicar o Acordo da Xunta de Goberno Local ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, á Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Exercerá de vocal, á Directora de Ingresos do Concello de Vigo, e demais persoas que poida resultar implicadas.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

19(672).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2019» (POLÍTICA SOCIAL). EXPTE. 185284/301.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 19/07/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 12.06.2019 a Concelleira delegada de Política Social (M^a Isaura Abelairas Rodríguez) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2019» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. No DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta norma, que entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación, modificou o Art. 47.3 do Decreto 99/2012, determinando unha modificación da estrutura dos módulos de financiamento e unha actualización á alza das súas contías. O indicado Art. 47.3 quedou redactado da seguinte maneira:

«3. Para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €

Categoría profesional	Módulo
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, régulanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademáis de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostenemento doutros programas de actuación comunitaria.

III. PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2019», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 185284/301 (2019).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo**.

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **10.091.340,27 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 900.474,00 €

-Mantemento: 2.731,89 €

-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 561.393,00 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 3.357.368,50 €

-Xestión de programas: 5.269.372,88 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2019, na contía de **6.439.421,00 €**, que supón unha porcentaxe do 38,95% sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo Decreto de Delegacións de data 18 de xuño de 2019».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(673).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN MALEMBE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO POR EL CONGO(ORFANATO KIMBONDO). EXPTE. 185516/301.

Visto o informe de fiscalización do 11/07/19, dáse conta do informe-proposta de data, 4/07/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 15.04.2019 (Código solicitude W337327-1029; Docum. Nº 190055568), a «ASOCIACIÓN MALEMBE» presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto: “*Vigo por el Congo (Orfanato Kimbon-do)*”, co que se pretende levar a cabo no ano 2019 un programa educativo dirixido ós/ás nenos/as que viven en acollida na “Maison Foyer” do Orfanato Kimbondo, en Kinshasa (RDC).

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., escritura de constitución da Asociación, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 03.07.2019, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor da «ASOCIACIÓN MALEMBE» para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.



Concello de Vigo

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Tal como resulta da documentación achegada, a «ASOCIACIÓN MALEMBE» foi constituída no ano 2017 ó abeiro da LO.1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación (Acta fundacional do 19.12.2017). Xustifica estar inscrita no “Registro Nacional de Asociaciones” (nº 615542; 25.04.2018) e consta tamén a súa inscrición no Rexistro municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá (nº 135-48; 27.09.2018).

III.2. De acordo cos Estatutos que rexen esta Asociación “*de carácter cultural y no lucrativo*”, os seus fins son:

«I.- Suplir las necesidades materiales, ya sea en el ámbito escolar o sanitario de los niños y jóvenes del Orfanato Mama Koko (Kimbondo, Kinshasa, RD Congo). II.- Procurarles una formación adecuada tras un seguimiento individualizado en términos educativos. III.- Llevar a cabo una labor de concienciación entre la juventud, respecto a la situación y mentalidad congoleñas, frente a su deber moral de preocuparse por su entorno. IV.- Establecer puentes culturales entre los jóvenes de los dos países, a través de programas de intercambio» (Art. 1 Estatutos).

III.3. O cumprimento dos seus fins poderá levalos a cabo a través de diferentes medios e instrumentos, entre os que se citan expresamente as eventuais subvencións que a Asociación poida obter dos organismos oficiais (Art. 11 Estatutos).

III.4. Segundo se informa no proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» (p.6 Prox. “Vigo por el Congo”):

«El orfanato Kimbondo forma parte del Complejo Pediátrico MamaKoko (...) Desde MALEM-BE nos encargamos de la Maison Foyer, una vivienda del orfanato que alberga a 51 niños y niñas. El presupuesto para atender todas las necesidades de Maison Foyer es de 97.000€ (contando: alimentación, ropa, atención sanitaria básica, salarios de las cuidadoras y del educador y mantenimiento de la vivienda: luz, agua, mobiliario, etc) Los 20.000€ del presente proyecto irán destinados a cubrir las necesidades educativas de los niños y niñas de esta vivienda, dentro del orfanato.

Nuestra labor en Maison Foyer se basa en complementar el trabajo de la escuela y realizar además una pedagogía integral las 24 horas: haciendo las veces de padres en muchos aspectos, para que adquieran valores, espíritu de trabajo, elevar su autoconcepto, libertad interior y responsabilidad hacia su propio futuro (...) Nuestro proyecto de futuro es ayudar a los niños y niñas en su desarrollo personal e integración social, apoyarles en salidas profesionales y orientarles para que puedan llegar a dirigir el orfanato y conseguir que sea auto-suficiente...»

III.5. O proxecto da «ASOCIACIÓN MALEMBE» consiste no desenvolvemento do programa educativo “Vigo por el Congo”, que está dirixido a 51 nenos/as orfos/as de 6 a 11 anos que viven en acollida no Orfanato Kimbondo (Maison Foyer), nas aforas de Kinshasa. Os catro (4) obxectivos xerais nos que se centra son:

- 1) Reforzo alimenticio.
- 2) Bolsas educativas.
- 3) Educación para a igualdade.
- 4) Sanitario: intervención contra un parásito endémico (*Tunga Penetrans*).

O impacto agardado do proxecto subvencionado é a transformación da metodoloxía educativa do Orfanato Kimbondo xenerando un verdadeiro impacto nos/nas nenos/as beneficiarios/as que lles garanta un futuro académico e profesional.

III.6. O orzamento estimado pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» para levar a cabo este proxecto humanitario en 2019 ascende a 20.000€ e nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa polo mesmo importe a favor desa Asociación con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.16 (“Malembe”).

III.7. A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.



Concello de Vigo

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrència no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

Por outra banda, tal como recomenda reiteradamente o Interventor xeral municipal nos informes emitidos con motivo da aprobación dos proxectos de Orzamentos xerais do Concello de Vigo (p.ex. exercicios de 2017 e 2018), tratándose de subvencións nominativas, é na documentación integrante do expediente orzamentario (Memoria, informe económico-financieiro ou bases de execución) onde debería motivarse ou xustificarse adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, precisando o seu obxecto e motivando esa singularización a favor dos seus beneficiarios.

III.8. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e

atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccetes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» non se inclúe, como sería desexable, un apartado específico relativo á xustificación da súa coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado e da CA de Galicia. Sí xustifica a súa adecuación á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU: ODS 1, Fin da Pobreza; ODS 2, Fame 0; ODS 3, Saúde e Benestar; ODS 4, Educación de calidade e ODS 5, Igualdade.



Concello de Vigo

Así mesmo, o «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» sinala que «A erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, en todos os lugares e na xeración actual e futura constitúe a principal arela, centro da política pública de cooperación e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e deberá operar como a prioridade e o horizonte do conxunto das actividades da cooperación galega».

A República Democrática de Congo ocupa o posto nº 176 dun total de 189 países no Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) e figura entre os máis pobres do mundo. Como se informa no proxecto presentado, case o 30% dos nenos/as menores de 5 anos están desnutridos e o 45% do total dos/as que se matriculan en educación primaria acaban abandonando a escola. Ademais, moitas familias non poden facer fronte ás cotas escolares (p.4 Prox. “Vigo por el Congo”

III.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.12. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccetes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «ASOCIACIÓN MALEMBE» unha subvención directa (nominativa) por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2019 do proxecto: “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondo)”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo (Exps. Núms. 185516/301 e 185515/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.16 (“Malembe”) dos orzamentos vixentes, a favor da «ASOCIACIÓN MALEMBE», CIF G27855220.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución no ano 2019 do programa educativo da «ASOCIACIÓN MALEMBE»: “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondo)”, dirixido

ós/ás nenos/as que viven en acollida na “Maison Foyer” do Orfanato Kimbondo, en Kinshasa (RDC).

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán os/as 51 nenos/as orfos/as, de 6 a 11, anos que viven en acollida no Orfanato Kimbondo (Maison Foyer). O programa comprende a mellora da súa alimentación diaria, a concesión de bolsas de estudos, a garantía dunha educación inclusiva, equitativa e de calidade e a prevención e tratamento do parásito endémico *Tunga Penetrans*.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (20.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.16 (“Malembe”) dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.



Concello de Vigo

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2019 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizárase mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluíra:

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(674).- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO C11 MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5418/106.

Visto o informe xurídico de data 12/07/19 e o informe de fiscalización de data 19/07/19, dáse conta do informe-proposta do 11/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudicouse á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso, polo período de 25 anos, a contar dende a data do 1 de xullo de 2015.
- 2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 27/07/2017, Dna. Rosario Doval Fernández, en nome da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF. G-36664027, solicita autorización para a cesión do posto vacante nº C11 a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, NIF ***9902>>.
- 3.- Tras o trámite de audiencia realizado con data 14/03/2018, a Asociación solicitou con data 10/05/2018 a paralización do devandito expediente por desacordo co comerciante na duración da concesión e dos importes derivados da cesión do posto.
- 4.- Por escrito de data 13/05/2019, a devandita asociación solicita continuar coa instrución do devandito expediente, fixando o canón para o presente ano en 240 €/mes, polo prazo de 23,5 anos que resta ata o remate da concesión do 01/07/2040.
- 5.- Achégase ao expediente declaración responsable de D. Javier Vaqueiro conforme coñece e se compromete a cumprir coas condicións da concesión, cumprimento dos requisitos de capacidade para contratar e conforme se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e S. Social.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- 1.Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- 2.Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- 3.Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

4.Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).

5.Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).

7.Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Con respecto á autorización da cesión do posto solicitada pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, conforme aos pregos de prescricións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, que constitúen a lex contractus, establecen o seguinte:

A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación

“ 1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a “supermercado” e “cafetería”, así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente aos usuarios polo Concello de Vigo e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ao adxudicatario do concerto).../.

*(.../) o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público, **dos postos de venda do mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes** e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se diten.(.../).”*

- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio

“1. O prazo de contrato é de vinte e cinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ao mes seguinte á data da sinatura do contrato e dos documentos concesionais. (.../).”



Concello de Vigo

Data da sinatura 30 de xuño de 2015 e vixencia dende o 1 de xullo de 2015, rematando en consecuencia o 1 de xullo de 2040.

- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio

*"1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados ("supermercado", "cafetería" e **postos baleiros**), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ao arrendamento de ditos espazos co exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas.../.*

.../A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice, que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.

2. A cesión dos postos baleiros do mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa."

B) No artigo 6 do prego de prescripcións técnicas establececese o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

"1. O adxudicatario, de conformidade có establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Sen embargo, non poderá arrendalos máis que para usos temporais, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.

2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedemento e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.

3. Unha vez aboNada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizarAse o contrato de cesión; Este e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este senón dende o dito depósito. O cesionario convértese por este

acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, suxeitarase ás seguintes condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ao Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.
- c) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condicións:
 - Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
 - O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
 - No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisibile aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
 - As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
 - Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).

6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comerciantes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada.”

C) Corresponde ao cedente, Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, a obriga de satisfacer ao Concello de Vigo o importe **5.640 €**, resultado de aplicar unha mensualidade do canon vixente correspondente a dito posto de 240 € por cada ano ou fracción de duración da cesión ata a data de finalización do 01/07/2040 (23,5 anos).



Concello de Vigo

D) Advertir que, unha vez abonada a cantidade anterior, formalizárase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

En mérito ao que antecede, previo informe xurídico que se achega ao expediente, **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/02/2014, á cesión da concesión de dominio do posto de carnicería C11 a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, , NIF ***9902>> ata a data de remate da mesma do 30 de xuño de 2040, suxeita ás seguintes condicións:

a) O canon mensual inicial para o presente ano é de 240 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC.

b) O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

c) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.

d) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.

e) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

f) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
- O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ao Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
- No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíble aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
- As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. “

g) As obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, isto sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e a súa costa.

SEGUNDO.- Requirir á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, o pago de **5.640 €**, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 240 € polo tempo que resta de 23,5 anos da data de remate da concesión do 01/07/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 01/01/2017.

TERCEIRO.- Advertir que, unha vez abonada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso e a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(675).- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO C9 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5419/106.

Visto o informe xurídico de data 12/07/19 e o informe de fiscalización de data 19/07/19, dáse conta do informe-proposta do 11/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **14 de setembro de 2009**, adoptou o seguinte acordou:

Primeiro.- Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 40 anos a contar dende o día 1 de outubro de 2009 a Raúl Fontán Villanueva, con NIF ***5278>>, sobre o posto denominado F03, suxeita entre outras ás seguintes condicións:

- O canon mensual inicial é de 123 euros, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo co Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.



Concello de Vigo

- *Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e a fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os canons mensuais.*
- *Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes para os efectos da imposición de contribucións especiais ás que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*
- *A concesión está condicionada a que, nos prazos que se indican, o concesionario efectúe o ingreso das seguintes contías nos prazos que se indican, coma complemento ós 356,7 € xa ingresados a conta.../*
- *Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. Non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso.*
- *De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.*
- *Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*
- *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*
 1. *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
 2. *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensalidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
 3. *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíble aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
 4. *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

- *Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.
.../..."*

SEGUNDO.- Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con data 24/05//17, o adxudicatario solicitou autorización para a cesión da concesión de dominio a favor de Dna. Verónica Gómez Remesar, NIF ***0810>>.

Recabada información do servizo de Recadación, este certifica con data 10/10/2018 a existencia de débedas pendentes do concesionario, as cales foron recentemente satisfeitas conforme a certificación positiva de data 14/03/2019 que se achega ao expediente.

TERCEIRO.- Así mesmo, achégase ao expediente resolución da Alta no Réxime Especial de Autónomos e declaración responsable de Dna. Verónica Gomez Remesar conforme se compromete a cumprir coas condicións da concesión, cumprimento dos requisitos de capacidade xurídica, de obrar para contratar, atoparse ao corrente das obrigas tributarias e S. Social, etc

CUARTO.- Durante a instrución do expediente realizáronse sendos trámites de audiencia a ambas partes sen que conste alegación ao respecto.

De conformidade coas condicións do outorgamento indicadas no apartado primeiro e coa solicitude á que se refire o presente, xunto o informe xurídico que se achega ao expediente, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

*PRIMEIRO.- Autorizar a a cesión da concesión de dominio solicitada por D. Raúl Fontán Villanueva, e en consecuencia, outorgar a mesma a Dna. Veronica González Remesar, con NIF ***0810>>, ata a data de remate do 01 de outubro de 2049, sobre do posto denominado C09, suxeita ás seguintes condicións:*

a) O canon mensual inicial de 2019 é de 395,40 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC independente do indicado no apartado seguinte.

b) Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os canons mensuais.

c) Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.

*d) A transmisión da concesión implica a liquidación da persoa cedente do posto do importe de **12.795,14** euros, resultado de multiplicar o canon mensual vixente (395,40 €/mes) polo número de anos ou fracción que lle restan de concesión dende a data da cesión do 24/05/2017 (32,36 anos).*



Concello de Vigo

e) De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto. Pola súa banda, o mobiliario existente no posto e que se transmite con él é propiedade do Concello de Vigo, tras os acordos ós que a tal fin chegou o Concello de Vigo cos adxudicatarios dos postos, quedando o novo adxudicatario á súa boa conservación e uso e nos estando permitida, agás autorización expresa, a súa retirada ou substitución.

f) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.

g) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización

h) Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
- O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
- No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíbel ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
- As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. "

SEGUNDO.- Requirir á D. Raúl Fontán Villanueva, ***5278>> o pago de **12.795,14 €** euros (resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 395,40 €/mes polo tempo que resta ata a data de remate da concesión do 01/10/2049. (32,36 anos).

TERCEIRO.- Advertir que, unha vez aboada o importe dunha mensualidade do canon correspondente adito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados cedente e cesionario, así como á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, concesionaria do mercado, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(676).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA A CARGO DO ARTISTA ESPAÑOL “DAVID BISBAL” (VIGO EN FESTAS 2019). EXPTE. 7940/335.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1/07/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “David Bisbal” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do artista español “DAVID BISBAL”, a celebrar o día 8 de agosto de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7940/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 24 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 145.502,50 euros (dos cales 25.252,50 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.



Concello de Vigo

Terceiro.- Con data do 4 de xullo de 2019 CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 10 de xullo de 2019, a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificado o DEUC e comprobado que é correcto, acórdase admitir a neste procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.”* A continuación, abriuse o *“SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”*. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, o Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo o disposto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., achega a documentación xustificativa do exixido no artigo 140 da LCSP, formularase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a oferta.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 10 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. do artista español “DAVID BISBAL” mais equipos de luces, son, audiovisuais, backline, transportes internos e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo que terá lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos de Vigo (7940-335) por un prezo total de 145.502,50 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 25.252,50 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(677).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA A CARGO DO ARTISTA BRITÁNICO “ROGER HODGSON “ (VIGO EN FESTAS 2019). EXPTE. 7937/335.

Visto o informe de fiscalización de data 19/07/19, dáse conta do informe-proposta do 18/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1/07/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoñía á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “Roger Hodgson” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do artista británico “ROGER HODGSON”, a celebrar o día 29 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas



Concello de Vigo

2019" (expediente 7937/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 23 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 156.864,40 euros (dos cales 27.224,40 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACION DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 1 de xullo de 2019 ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 3 de xullo de 2019, a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Técnica de Admón Xeral de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión "*Cualificada a documentación administrativa, compróbase que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. non acredita correctamente a solvencia técnica*", acórdase conceder un prazo de 3 días para que corrixa a documentzación.

En data 08 de xullo de 2019 recíbese subsanación da documentación (DOC 190104792).

En segundo lugar en data 10 de xullo de 2019 a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación acordan admitir neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L." A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, o Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo o disposto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., achega a documentación xustificativa do exixido no artigo 140 da LCSP, formularase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a oferta.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 3 e o 10 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. do artista británico “ROGER HODGSON” mais equipos de luces, son, audiovisuais, backline, aloxamentos, transportes internos e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo que terá lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos de Vigo (7937-335) por un prezo total de 156.864,40 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 27.224,40 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(678).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (LOTES 3,4,5). EXPTE. 18183/333.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de sesión 12/07/19 , que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación



Concello de Vigo

a) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) (lotes 3, 4 e 5)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar coñecemento do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 29 de maio de 2019 polo que se exclúe a COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. do lote 1 “Materiais para fontanería e saneamento” por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas nos lotes 3, 4 e 5 deste procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) na seguinte orde descendente:

Lote 3: “materiais de ferretería”

	Licitador	Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT
1	FERRETERÍA VALFER, S.L.	47%

Lote 4: "material para instalacións eléctricas"

	Licitador	Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT
1	MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U.	30%
2	ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.	25%

Lote 5: "material pintado"

	Licitador	Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT
1	MORGASA, S.L.	60%
2	ALMACENES CELSO MÍGUEZ, S.A.	31,25%
3	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L.	15%

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, FERRETERÍA VALFER, S.L. (lote 3), MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. (lote 4) e MORGASA, S.L. (lote 5), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, FERRETERÍA VALFER, S.L. (lote 3), MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. (lote 4) e MORGASA, S.L. (lote 5), o día 7 de xuño de 2019, que presentan a documentación requirida o 20, 13 e 18 de xuño de 2019, respectivamente, dentro do prazo concedido.



Concello de Vigo

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xullo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FERRETERÍA VALFER, S.L. (lote 3), MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U.(lote 4) e MORGASA, S.L. (lote 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas economicamente para a administración contratante son as formuladas por FERRETERÍA VALFER, S.L. (lote 3), MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. (lote 4) e MORGASA, S.L. (lote 5), de conformidade co acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 29 de maio de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a FERRETERÍA VALFER, S.L. o lote 3 (materiais de ferretería) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.*”

2. *Adxudicar a MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. o lote 4 (material para instalacións eléctricas) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.*
3. *Adxudicar a MORGASA, S.L. o lote 5 (material pintado) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(679).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 8348/320.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de sesión 17/07/19 , que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de marzo de 2019, por non cumprir os requisitos de presentación da documentación previstos na lexislación contractual e no prego de cláusulas administrativas particulares ao ter desvelado a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre A “DOCUMENTACIÓN PERSOAL”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	95,12
2	E7 2014, S.L.	48,72

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., o día 7 de xuño de 2019, que presenta a documentación requirida o 18 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xullo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CLECE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 8 e 30 de maio de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 69.312,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.029,47 euros.*
- b) Reduce o tempo de resposta ante as incidencias:*
 - Non consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 10 horas.*
 - Consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 2 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(680).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTENIMENTO DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DE TERCEIROS (CONTABILIDADE 2019). EXPTE. 8761/113.

Visto o informe de fiscalización de data 16/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo para o mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Contabilidade 2019)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade coa finalidade de realizar a contratación do servizo para o mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (contabilidade 2019)

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 03/05/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares, asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica en data 05/04/2019.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 63.775,60 €, que inclúe un IVE de 11.068,49, dende o 1 de Maio de 2019, e que se imputará ás seguintes partidas e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVA</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2019	4.994,11 €	23.781,49 €	28.775,60 €

9311.2279900	2019	6.074,38 €	28.925,62 €	35.000,00 €
--------------	------	------------	-------------	-------------

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O 3 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 18 de xuño de 2019 T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 24 de xuño de 2019, reúnense o xefe do Servizo de Administración Electrónica xunto coa técnica de Administración xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Ao ser conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, acordouse admitir neste procedemento a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. e procedeuse a continuación á apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” co seguinte resultado:

- Propón como prezo do contrato o de 62.555,06 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 10.856,66 euros.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 22 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Comprobouse así mesmo que está inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto no apartado 16E do Anexo I -FEC- do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, o xefe do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. O licitador presentou no sobre A toda a documentación agás a garantía definitiva, polo que se lle concedeu un prazo de 10 días hábiles para a súa presentación.



Concello de Vigo

Sexto.- Con data do 08 de xullo de 2019 T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. presenta a documentación acreditativa do depósito da garantía definitiva, polo que procede adxudicar este contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica no apartado 1H do Anexo I -FEC- do PCAP; neste caso, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. por posuír a propiedade do código fonte das aplicacións que dan soporte á contabilidade (SICAL).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 24 de xuño de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo para o mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Contabilidade 2019) por un prezo total de 62.555,06 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 10.856,66 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(681).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ORDENADORES DE SOBREMESA, MONITORES, PORTÁTILES, TABLETS E CLIENTES LIXEIROS. EXPTE. 8752/113.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da sesión do 12/07/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de maio de 2019 adoptou o seguinte acordo:

a) *“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

1. *ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A*
2. *SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.*
3. *TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.*
4. *APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.*

b) *Outorgar un prazo de tres días a HERBECON SYSTEMS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente.*

Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, infórmase que respondendo afirmativamente a “Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección



Concello de Vigo

requeridos / Indique la respuesta” enténdese que posúe a solvencia técnica e económica esixida no PCAP.

- c) *Excluír a INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMÁTICA, S.L. por apartarse a súa proposición avaliable a través de fórmula do modelo recollido no apartado 6B do Anexo I (FEC) do PCAP e por exceder os prezos unitarios propostos para os monitores, tablets e portátiles 15,6” dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do citado Anexo I, ambos motivos de exclusión recollidos na cláusula 14.2B do PCAP”.*

Segundo.- Na sesión do 29 de maio de 2019 a Mesa adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

- a) *“Non admitir neste procedemento a HERBECON SYSTEMS, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e non emendala no prazo concedido. Concretamente, o licitador non presentou o Documento Europeo Único de Contratación esixido na cláusula 14.2A do PCAP”.*

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 11 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A.	53,64
2	SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.A.	37,21
3	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	33,17
4	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.	30,59

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:*

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva por importe do 5% do orzamento base de licitación, IVE excluído.*
- 2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- 3. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.*

Cuarto.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A., o día 11 de xuño de 2019, que presenta a documentación requirida 18 de xuño, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xullo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 10 de xuño de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“A.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- *Sesión do 22 de maio de 2019: “Excluír a INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMÁTICA, S.L. por apartarse a súa proposición avaliable a*



Concello de Vigo

través de fórmula do modelo recollido no apartado 6B do Anexo I (FEC) do PCAP e por exceder os prezos unitarios propostos para os monitores, tablets e portátiles 15,6" dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do citado Anexo I, ambos motivos de exclusión recollidos na cláusula 14.2B do PCAP".

- *Sesión do 29 de maio de 2019: "Non admitir neste procedemento a HERBECON SYSTEMS, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e non emendala no prazo concedido. Concretamente, o licitador non presentou o Documento Europeo Único de Contratación esixido na cláusula 14.2A do PCAP".*

B.- Adxudicar a ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113) por un prezo total de 120.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 euros e coas seguintes condicións:

- 1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:*
 - a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 35%.*
 - b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 19%*
 - c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6" (470€): 0%*
 - d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 8%*
 - e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 3%*
 - f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 13%*
- 2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:*
 - a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:*
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 2.169.*
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.*
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.*
 - b) Melloras técnicas dos monitores:*
 - i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: non*
 - ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si*
 - c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":*
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.945.*

ii. *Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.*

iii. *Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 GB.*

d) *Melloras técnicas dos portátiles convertibles:*

i. *Incrementa as características técnicas do procesador a 2.154*

ii. *Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.*

iii. *Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 GB.*

iv. *Non inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles*

e) *Melloras técnicas das tablets:*

i. *Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: si*

ii. *Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna.*

iii. *Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM.*

iv. *Non inclúe na oferta o pen incorporado.*

v. *Non incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara.*

f) *Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:*

i. *Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium*

ii. *Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(682).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8046/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/07/19, asinado pola instrutora do expediente (Resolución 1/07/19), a secretaria de Admón. Municipal e a concelleira de Festas e Turismo, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Con data 4 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”.

Con data 5 de xullo de 2019 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a “convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo” xunto cos anexos I e III. En concreto para o programa: VIGO EN FESTAS 2019.

No prazo establecido na bases da convocatoria, comprendido entre o 6 de xullo e o 15 de xullo, presentáronse as seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONOMICA
GADISA RETAIL, S.L.U	B-15735590	- MONETARIA	6.000 €
CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA	B-703113507	- MONETARIA - ESPECIE/PROXECTO ANEXO AO ACTA	100.000 € 90.000 €

O día 17 de xullo, de acordo co establecido na base novena das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, réunese para estudo das propostas anteditas a Comisión de avaliación e que está composta por:

A Concelleira de Festas e Turismo, Dna. M^a Carmen Lago Barreiro en calidade de Presidenta, o “Presidente do Comité de políticas Públicas en materia de Festas e Turismo do Concello de Vigo” D^a Susana Gallardo Fariña en calidade de Secretaria , e a Instructora de expedientes D.Fátima Dueñas Corchero como vogal.

A comisión acepta as dúas propostas (Acta de valoración de data 22.07.2019) xa que en ambos os dous supostos a marca e o produto se adecúa ao tipo de actividade programada e non son incompatibles entres sí.

A vista do antedito, PROPONSE Á Xunta de Goberno Local :

Primeiro.- Aceptar as solicitudes presentadas polas dúas empresas seguintes de acordo á puntuación :

- 1.- GADISA RETAIL, S.L.U, CIF B-15735590 pola achega monetaria de 6.000 € un total de 4,30 puntos.
- 2.- CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega monetaria de 100.000 € un total de 10 puntos e pola achega en especie: (Proxecto lanzamento de unha edición especial de Estrella Galicia, en apoio ao recoñecemento internacional das Illas Cíes como ben Natural Patrimonio da Humanidade) un total de 10 puntos.

Segundo.- Comunicar a todas as empresas solicitantes a aceptación da súa participación como colaboradores do programa VIGO EN FESTAS 2019.

Terceiro.- Asinar entre a Concelleira de Festas e Turismo e as entidades solicitantes a proposta de convenio recollido no anexo II da convocatoria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(683).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. EXPTE. 8568/224.

Visto o informe xurídico do 12/07/19 e o informe de fiscalización do 16/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo por un prezo total do contrato de 27.764,50 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.818,63 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adjudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato...”*

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adjudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020 (ambos incluídos).



Concello de Vigo

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 27.764,50 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2020 da concellería de igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2019 ao 31 de decembro de 2019: 1.850,86 € (22 días de novembro x 84,13 € prezo/día) + 2.524,04 € (mensualidade decembro) = **4.374,90 €** con cargo á partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ao 8 de novembro de 2020 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades + 8 días de novembro = **23.389,60 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 na partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” da Concellería de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 27.764,50 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 4.374,90 € con cargo á partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 23.389,60 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 na partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(684).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES DE VIGO. EXPTE. 8398/224.

Visto o informe xurídico do 12/07/19 e o informe de fiscalización do 17/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/19, asinado pola xefa do Servizo de

Igualdade, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo por un prezo total do contrato de 32.548,76 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.648,96 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato...”*

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 32.548,76 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *“Dinamización Casa das Mulleres”* 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica *“Plan municipal de Igualdade”* 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2020 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2019 ao 31 de decembro de 2019: 2.169,86 € (22 días de novembro x 98,63 € prezo/día) + 2.958,98 € (mensualidade decembro) = **5.128,84 €** con cargo ás partidas *“Dinamización Casa das Mulleres”* 2311 227 9910 e *bolsa de vinculación xurídica* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ao 8 de novembro de 2020 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades+8 días de novembro = **27.419,92 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 nas partidas *“Dinamización Casa das Mulleres”* 2311 227 9910 e *bolsa de vinculación xurídica* do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2020.



Concello de Vigo

Este órgano xestor informa de que o consumo de crédito na bolsa de vinculación 22 non altera o funcionamento do servizo de Igualdade durante o vixente exercicio nin o do futuro exercicio 2020; ademais, infórmase de que a teor deste consumo de crédito na bolsa de vinculación, minorarase proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa: “*Plan Municipal de Igualdade*” 2311 2279906.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 32.548,76 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 5.128,84 € con cargo á partida “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 27.419,92 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2020 na partida “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do futuro exercicio 2020 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(685).- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA CONSERVADOR/A ZOO CON CARGO Á PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2017, DA MESMA DENOMINACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1. A) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP. EXPTE. 33399/220.

Visto o informe de fiscalización de data 17/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017.

2.- Con data 15/01/2019, o Director de réxime interior do Zoo co conforme da Concelleira de medio ambiente e vida saudable, remite oficio manifestando a necesidade do nomeamento interino con cargo á vacante dun/dunha conservador/a Zoo para o Vigozoo.

3.- Solicitado informe técnico, acerca de si existe a vacante solicitada e de ser posible o nomeamento, gasto económico do mesmo, na data 13/02/2019, se informa que *“No servizo cód. 612-Vigozoo, aplicación orzamentaria 337.1 do vixente orzamento, existe praza e conseguinte posto vacante de Conservador/a Zoo, cód. 682. En consecuencia, existe neste Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta”*. Ademais, inclúe a proposta de gasto, que recolle no que respecta o custo dos nomeamentos que *“O custo anual dun posto de Conservador/a Zoo para o exercicio 2019 e de 55.220,48€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0000 (soldo base, por un importe anual de 13.731,42€), 121.0000 (complemento de destino, por un importe anual de 9.226,84€), 121.0100 (complemento específico por un importe anual de 18.899,02€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 13.363,20€), significando que o custe máximo anual do presente expediente será de 46.017,07€ (dos que 34.881,07€ corresponden a retribucións e, 11.136,00 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 10 meses, toda vez que os créditos dos meses de xaneiro e febreiro pasados xa foron utilizados na modificación orzamentaria número 9/19, expte. 33372/220 de modificación de créditos para suplementalas partidas 920.0.1400000 e, 920.0.1600099 do Capítulo I de Gastos.”*

4.- A tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 12/07/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible, a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local para o nomeamento interino con cargo a vacante dun/dunha Conservador/a Zoo, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 28/12/2018.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28/12/2017. Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 682_Conservador/a, adscrito a Vigozoo (612), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito do Director de réxime interior de Vigozoo coa conformidade da concelleira delegada de medio ambiente e vida saudable nesa data, solicitando a cobertura da vacante, así coma a instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de data 12/07/2019, no que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente:

“No servizo cód. 612-Vigozoo, aplicación orzamentaria 337.1 do vixente orzamento, existe praza e conseguinte posto vacante de Conservador/a Zoo, cód. 682. En consecuencia, existe neste Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta.

O custo anual dun posto de Conservador/a Zoo para o exercicio 2019 e de 55.220,48€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0000 (soldo base, por un importe anual de 13.731,42€), 121.0000 (complemento de destino, por un importe anual de 9.226,84€), 121.0100 (complemento específico por un importe anual de 18.899,02€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 13.363,20€), significando que o custe máximo anual do presente expediente será de 46.017,07€ (dos que 34.881,07€ corresponden a retribucións e, 11.136,00 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 10 meses, toda vez que os créditos dos meses de xaneiro e febreiro pasados xa foron utilizados na modificación orzamentaria número 9/19, expte. 33372/220 de modificación de créditos para suplementalas partidas 920.0.1400000 e, 920.0.1600099 do Capítulo I de Gastos.”

Tendo en conta o inicio da prestación de servizos como pronto con data 22/07/2019 (5,34 meses) o gasto correspondente a este ano 2019 sería de 24.573,11 € incluíndo os custos de Seguridade Social por importe de 5.946,62 €.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas a listaxe de reserva para a categoría de Conservador/a, existe listaxe vixentes con persoa en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Juan José Vázquez Araújo, con DNI***0765**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 12/07/2019, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder á provisión interina con cargo a vacante dun/dunha conservador/a (unha praza correspondente á OEP 2017), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP xustificada nas necesidades de Vigozoo contidas no escrito do 15/01/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 24.573,11 € incluíndo os custos de Seguridade Social por importe de 5.946,62 €, tendo en conta o comezo da prestación de servizos en data 22/07/2019 (5,34 meses).

SEGUNDO: Nomear funcionario/a interino/a con cargo á praza vacante como conservador/a, a D. Juan José Vázquez Araújo, con DNI***0765**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta



Concello de Vigo

de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2017; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 682-conservador/a.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao director de réxime interior de Vigo, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(686).- CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA DUN/DUNHA OFICIAL DESINFECTOR CON CARGO Á PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2017, DA MESMA DENOMINACIÓN, PARA O SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. EXPTE. 34386/220.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017.

2.- Con data 22/04/2019, o xefe do servizo de medio ambiente e o capataz do servizo de control de pragas remiten oficio, conformado pola concelleira delegada de medio ambiente e vida saudable nese momento, manifestando a urxente necesidade de un/unha oficial desinfectora/a, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

3.- Solicitado informe técnico, acerca de si existe a vacante solicitada e de ser posible o nomeamento, gasto económico do mesmo, na data 11/07/2019, se informa que “A este respecto significar que o Servizo de Medio Ambiente non conta con ningunha vacante desa categoría profesional, entendendo que a petición se refire ao Servizo de Control de Pragas, cód. 323, onde si se atopa a vacante obxecto do expediente.” Ademais, inclúe a proposta de gasto, que recolle no que respecta ao custo da contratación laboral interina que “O custo anual dun posto de Oficial Desinfectador para o exercicio 2019 e de 32.562,56€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.198,56€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 8.364,00€, significando que **o custe máximo anual do presente expediente será de 14.490,34€ (dos que 10.768,36€ corresponden a retribucións e, 3.721,98 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 5,34 meses, toda vez que non estaría en condición de ser nomeado/a ata polo menos o 22 de xullo actual.**”

4.- A tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 12/07/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible, a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local da contratación laboral interina da referida praza vacante de oficial desinfectador/a incluída na oferta de emprego público 2017, prevista nos artigos 7, 8 e 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e normativa de concordante aplicación, e 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23/11/2018, publicada no BOP de 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral interino con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.



Concello de Vigo

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso a **contratación interina laboral** efectúase en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017. A referida praza (persoal laboral)foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 28/12/2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo convindo ou realización da obra o servizo obxecto do

contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

O/a funcionario/a-contratado/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 240-Oficial desinfectora/a), adscrito ao Servizo de Control de Pragas, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito do xefe do servizo de medio ambiente solicitando a cobertura da vacante, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:



Concello de Vigo

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta de un/unha oficial desinfectora/a “O custo anual dun posto de Oficial Desinfectora para o exercicio 2019 e de 32.562,56€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.198,56€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 8.364,00€, significando que **o custe máximo anual do presente expediente será de 14.490,34€ (dos que 10.768,36€ corresponden a retribucións e, 3.721,98 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 5,34 meses, toda vez que non estaría en condición de ser nomeado/a ata polo menos o 22 de xullo actual.**”

Igualmente, no informe técnico especificase que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a praza vacante, como é o caso, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a outros expedientes en tramitación, entre eles o expte 31779/220 “Actuacións para a implementación práctica do acordo plenario de data 05/04/2018 en relación ao réxime retributivo do persoal de policía e bombeiros”, que se atopa en tramitación e, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico que figura no expte. 31808/220, trámite 78 derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas a listaxe de reserva para a categoría de oficial desinfectora/a, existe listaxe vixentes con persoa en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Víctor Manuel Couso Sánchez, con DNI ***7297**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo á praza vacante de oficial desinfectora/a correspondente á oferta de emprego público 2017, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** de unha prazas de **oficial desinfectora**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociada ao posto de traballo coa mesma denominación, cód. Retributivo 240-Oficial desinfectora, actualmente vacante no Servizo de Control de Pragmas e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, estimando a sinatura do contrato laboral interino como pronto con data 22/07/2019, autorizar o gasto de **10.768,36 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.721,98 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2019 imputarase con cargo ao programa orzamentario 311.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo á referida praza vacante de oficial desinfectora a D. Víctor Manuel Couso Sánchez, con DNI ***7297**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que ao interesado formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 240-oficial desinfectora, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito ao Servizo de Control de Pragmas, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de oficial desinfectora, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2017, publicada no BOP 29/12/2017.

CUARTO: A xornada laboral do/a traballador/a contratado/a desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/á aspirante contratado/a, ao Xefe do servizo de medio ambiente, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(687).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA X RUTA MARÍTIMA XACOBEOA "O CABALEIRO DAS CUNCHAS". EXPTE. 2778/330.

Visto o informe xurídico de data 8/07/19 e o informe de fiscalización do 17/07/19, dáse conta do informe-proposta do 28/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 20 de xuño pasado, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *X Ruta Marítima Xacobeo "Cabaleiro das Cunchas"* a realizar durante o exercicio 2019; por este motivo, con data 21 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a recuperación, promoción, defensa e difusión da Traslatio, é dicir, a ruta marítima Xacobeo pola que se trouxeron os restos do Apóstolo Santiago a Galicia. Por este motivo, veñen organizando dende hai dez anos o programa cultural denominado "Ruta Marítima Xacobeo "Cabaleiro das Cunchas".

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A *X Ruta Marítima Xacobeo "Cabaleiro das Cunchas"* realizarase do 3 ao 11 de agosto de 2019.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 26.300 € (vinteseis mil trescentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 € (30,42 %)
- Participantes na travesía: 6.530 € (24,83 %)
- Xacobeo Galicia: 6.000 € (22,81 %)
- Zona Franca: 3.500 € (13,31 %)
- Publicidade: 2.270 € (8,63 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao *X Ruta Marítima Xacobeo "Cabaleiro das Cunchas"*, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA para a organización e realización da *X Ruta Marítima Xacobeo "Cabaleiro das Cunchas"*, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia



Concello de Vigo

do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA para a organización e realización da *X Ruta Marítima Xacobeá "Cabaleiro das Cunchas"*, figurando na aplicación **3340.480.00.09** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadán e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) á ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A

GALICIA, CIF. G27742485), para o financiamento da X Ruta Marítima Xacobeá "Cabaleiro das Cunchas", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 "CONVENIO AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da X Ruta Marítima Xacobeá "Cabaleiro das Cunchas".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA X RUTA MARÍTIMA XACOBEEA "O CABALEIRO DAS CUNCHAS"

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Javier Grande Pérez, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA (CIF: G27742485) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en rúa San Miguel, número 1, planta baixa, CP 36208 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN



Concello de Vigo

I.- Que a **ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a recuperación, promoción, defensa e difusión da Traslatio, é dicir, a ruta marítima Xacobeana pola que se trouxeron os restos do Apóstolo Santiago a Galicia. Por este motivo, veñen organizando dende hai dez anos o programa cultural denominado “Ruta Marítima Xacobeana “Cabaleiro das Cunchas”.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA** concretamente na **X RUTA MARÍTIMA XACOBEOA “CABALEIRO DAS CUNCHAS”**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo inclúe a aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA**, coa cantidade de 8.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a **IX RUTA MARÍTIMA XACOBEOA “CABALEIRO DAS CUNCHAS”**, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 26.300 € (vinteseis mil trescentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 € (30,42 %)
- Participantes na travesía: 6.530 € (24,83 %)
- Xacobeo Galicia: 6.000 € (22,81 %)
- Zona Franca: 3.500 € (13,31 %)
- Publicidade: 2.270 € (8,63 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A *X Ruta Marítima Xacobeá "Cabaleiro das Cunchas"* realizarase do 3 ao 11 de agosto de 2019.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Javier Grande Pérez, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).



Concello de Vigo

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE



Concello de Vigo

está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de

novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



Concello de Vigo

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da



Concello de Vigo

Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I ORZAMENTO X RUTA MARÍTIMA XACOBEA "CABALEIRO DAS CUNCHAS"

1.- GASTOS:

Aluguer barco	7.210 €
Seguridade	4.700 €
Promoción	6.400 €
Xuntanzas	1.350 €
Atraques	2.700 €
Viaxes	390 €
Outros gastos	3.550 €
TOTAL GASTOS	26.300 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	8.000 €
Participantes na travesía	6.530 €
Xacobeo Galicia	6.000 €
Zona Franca	3.500 €
Publicidade	2.270 €
TOTAL INGRESOS	26.300 €

35(688).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGUROS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 2357/341.

Visto o informe xurídico do 12/07/19, e o informe de fiscalización do 17/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 8/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o xefe do Servizo de Museos Municipais, o director do Museo "Quiñones de León", o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 21 de maio de 2019.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 28 de maio de 2019, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 13 de xuño de 2019, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o xefe do servizo de Museos Municipais e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Memoria xustificativa de data 3 de xullo de 2019, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o xefe do servizo de Museos Municipais e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”(que mellora aspectos da realizada con data 13 de xuño, de acordo coas recomendacións da Asesoría Xurídica)
- Informe de data 4 de xullo de 2019, da xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 4 de xullo de 2019, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada, cando se asinou, nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.



Concello de Vigo

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación de póliza de seguros para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 28 de maio pasado.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa e mailo prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinados polo xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, o xefe do servizo de Museos Municipais e o Director do Museo Municipal “Quiñones de León”, e conformados polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xullo.

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato privado segundo o artigo 27 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta

de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, de póliza de seguros para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de xuño de 2019, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o xefe do servizo de Museos Municipais e o Director do Museo Municipal "Quiñones de León".

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 4 de xullo de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **66.000 €** (sesenta e seis mil euros), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.0000 ("Seguros coleccións e inmobles"), según o seguinte detalle:

- Exercicio 2019: 33.000 €
- Exercicio 2020: 33.000 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(689).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEO MUNICIPAIS. EXPTE. 2299/341.

Visto o informe xurídico do 12/07/19, e o informe de fiscalización do 16/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

Con data de 9 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordara aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais. Tamén aprobara o Prego de prescricións técnicas particulares, o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación e autorizara o gasto por importe total de 936.375,44 €, co IVE incluído (novecentos trinta e seis mil trescentos setenta e cinco euros, con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 162.511,44 € € (cento sesenta e dous mil cincocentos once euros, con corenta e catro céntimos), para un período de dous anos, así como o seu financiamento e a apertura do correspondente procedemento de licitación. O acordo contaba cos informes favorables previos da Asesoría Xurídica do Concello, de data 30 de abril de 2019 e da Intervención Xeral de data 6 de maio de 2019, xunto cos certificados de existencia de crédito, que están incluídos no expediente.

En data 3 de xuño de 2019, D. David Plata González, en nome e representación de EULEN, S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en adiante TACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais. Este recurso foi estimado por resolución nº 152/2019 do TACGAL, de 24 de xuño, da que se deu conta á XGL na sesión do 4 de xullo.

En data 9 de xullo de 2019 a xefa do servizo de Contratación do Concello de Vigo emite informe sobre a execución da resolución n.º 152/2019 do TACGAL, que supón a corrección do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a citada contratación e indica que “para executar a citada resolución do TACGAL procede corrixir a redacción do apartado 16.E da FEC do PCAP, indicando no mesmo o convenio colectivo de aplicación, citando expresamente os artigos que determinan o seu ámbito obxectivo e subxectivo, así como o que impón a subrogación.”

Tamén informa que “A estimación dun recurso que conleve anulación de cláusulas ou condicións dos pregos ou documentación contractual de natureza análoga, determinará a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación, así o determina o artigo 57.2 in fine da LCSP.” “En consecuencia, o servizo xestor, unha vez corrixido o prego e informado favorablemente pola Asesoría Xurídica e fiscalizado pola Intervención Xeral, deberá someter unha nova proposta de aprobación do expediente de contratación á Xunta de Goberno Local.”

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade (artigo 28 LCSP) asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 26 de novembro de 2018.

- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 26 de novembro de 2018, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación (artigo 116 LCSP).
- Anuncio de información previa realizado con data 4 de marzo de 2019 no DOUE, referencia 2019/S 044-100511
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 5 de abril de 2019, redactadas polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Memoria xustificativa, de data 25 de abril de 2019, redactada polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura (que mellora aspectos da realizada con data 12 de abril, de acordo coas recomendacións da Asesoría Xurídica).
- Informe de data 26 de abril de 2019, da xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 26 de abril de 2019, redactado polo servizo de Contratación.
- Informe da xefa do servizo de Contratación de data 9 de xullo de 2019 sobre modificación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de atención ao público en execución da resolución nº 152/2019 do TACGAL.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 9 de xullo de 2019, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establécese a competencia dos concellos relativa ás actividades e instalacións culturais.

Segundo: O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais e outras actividades da súa programación.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, a resolución de inicio asinada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinados polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura; así como o prego de prescricións administrativas particulares, subscrito pola Xefa do Servizo de Contratación.



Concello de Vigo

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións: a xustificación de insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración do contrato e execución da prestación (artigo 29 LCSP); o prezo, o orzamento base de licitación, (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), a consideración dos termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables por tratarse dun servizo no que os custos económicos principais son custos laborais (artigo 102.1 e 3 LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP, e polo seu valor estimado está suxeito a regulación armonizada.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispón que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente corresponda emitir á Intervención Xeral en canto ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

O importe de licitación de contrato (24 mensualidades) é de 936.375,44 €, co IVE incluído (773.864,00 € sen IVE, máis 162.511,44 € correspondentes de IVE).

Anualidades.- Período fixo do contrato

ANUALIDADE	2019	2020	2021
TOTAL	136.554,75 €	468.187,72 €	331.632,97 €
Serv Atención Público	119.361,56 €	409.239,65 €	289.878,09 €
Servizos Coordinación	17.193,19 €	58.948,07 €	41.754,88 €

Período fixo do contrato.-

Financiamento do importe de licitación 2019.- 136.554,75 € (Servizo de atención ao público: 119.361,56 € e servizo de coordinación: 17.193,19 €)

Aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público": 75.683,62 €

Diferencia a financiar 2019: 60.871,13 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 3330.227.99.07 – Coordinación, monitoraxe e exposicións CAT: 40.000 € e 3330.227.99.10 – Funcionamento do CAFVI: 20.871,13 €

En 2020.- Financiamento do importe de licitación: 468.187,72 € €/anuais (servizos de atención ao público 409.239,65 €; coordinación: 58.948,07 €), con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación; aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

En 2021.- Financiamento do importe de licitación: 331.632,97 € (servizos de atención ao público 289.878,09 €; coordinación: 41.754,88 €). Aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de abril de 2019, redactadas polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 9 de xullo de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 936.375,44 €, co IVE incluído (novecentos trinta e seis mil trescentos setenta e cinco euros, con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 162.511,44 € € (cento sesenta e dous mil cincocentos once euros, con corenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

Exercicio 2019.- 136.554,75 € (Servizo de atención ao público: 119.361,56 € e servizo de coordinación: 17.193,19 €); con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 (Servizos de atención ao público): 75.683,62 €. Diferencia a financiar en 2019: 60.871,13 €; 40.000 € con cargo á aplicación 3330.227.99.07 (Coordinación, monitoraxe exposicións CAT) e 20.871,13 € con cargo á aplicaicón 3330.227.99.10 (Funcionamento do CAFVI).



Concello de Vigo

Exercicio 2020.- Financiamento do importe de licitación: 468.187,72 € €/anuais (servizos de atención ao público 409.239,65 €; coordinación: 58.948,07 €), con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de vinculación; aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

Exercicio 2021.- Financiamento do importe de licitación: 331.632,97 € (servizos de atención ao público 289.878,09 €; coordinación: 41.754,88 €). Aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(690).- ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA VINCULADA Á EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, EN BASE Á NOVA CONFIGURACIÓN DA NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 3702/440

Dáse conta do informe-proposta do 23/07/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo en relación ao CAMBIO DA TITULARIDADE DO RESPONSABLE DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADA MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SUSTENTABLE 2014-2020, EN EXECUCIÓN DA ORDE HAP/2427/2015, DE 13 DE NOVEMBRO. EXPTE. 3702/440

Tomar coñecemento os efectos do “nomeamento como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais, así como en relación as obrigas para desenvolver o “Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas” o cambio efectuado ao fronte da 2º Tenencia de Alcaldía e do Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, a favor de D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, de acordo coas resolución da Alcaldía de data 09/07/2018.

2.- Por resolución do Alcalde de data 6/07/2018, se procedeu a designación do responsable da UNIDADE DE XESTIÓN DA EDUSI VIGO VERTICAL, a cal indica:

Primeiro: Designar como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismo Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, o cal cumpre coa condición derivada do principio de separación de funcións, xa que nas súas funcións atópanse perfectamente separadas das concellarías ou áreas da Entidade, que sexan responsables de iniciar, ou de iniciar e executar as operacións (Unidades Executoras).

Segundo: Encomendar a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismos Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións, a competencia para materializar o acto de selección das operacións mediante a aprobación da mesma a través do sistema que indique o Organismo Intermedio de Xestión, debendo formalizar a selección mediante un acto no que se recollan as condicións da axuda (DECA), requisitos, plan financeiro e calendario, de acordo co artigo 125 (3) c) do RDC, que será debidamente notificado á unidade executora.

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Tomar coñecemento da estrutura organizativa prevista no Manual de Procedementos que se consigna no apartado 10 da parte expositiva do presente acordo.

Dito apartado indica como Concelleiros responsables dos obxectivos temáticos:

1.- Concelleiros responsable de obxectivos temáticos: Como Concelleiros responsables de cada unha destas áreas e coa función de outorgar conformidade ás solicitudes de operacións emitidas, proponse:

- Concelleiro Responsable OT2 – O Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica. D. Javier Pardo Espiñeira
- Concelleiro Responsable OT4 e OT6 – o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.
- Concelleiro Responsable OT9 – O Concelleiro da Área de Emprego, Economía, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

4.- Con motivo da constitución o día 15 de xuño do 2019 da nova Corporación Municipal do Concello de Vigo, xurdida tras das eleccións do 26 de maio do 2019, esta Alcaldía-Presidencia ditou Resolución o 18 de xuño do 2019 estruturando as novas áreas de Goberno municipal e delegando nelas as competencias xerais, imprescindibles para o funcionamento desta administración municipal.

1.- M.^a CARMEN SILVA REGO. Tenente de Alcalde e Área de Patrimonio Histórico.



Concello de Vigo

- 2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.
- 3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal
- 4.- M.^a JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ. Tenente de Alcalde e Área de Urbanismo.

- 5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- 6.- ANA M.^a MEJÍAS SACALUGA. Área de I+D e Dinamización Administrativa.
- 7.- JAIME ANEIROS PEREIRA. Área de Orzamentos e Facenda.
- 8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social e Cíes Patrimonio da Humanidade.
- 9.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Área de Deportes.
- 10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.
- 11.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.
- 12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación e Xuventude.
- 13.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ. Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais.
- 14.- UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS. Área de Igualdade e Normalización Lingüística.
- 15.- M.^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Festas e Turismo.

A vista da citada resolución e de acordo co novo Decreto de delegación de competencias (2019-2023) da alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área" asinada polo Alcalde con data 26 de xuño de 2019 e necesario ter en conta que na mesma indicase no punto Sexto.-"Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes."

II.- Propostas para adecuar os cambios nas competencias dos Concelleiros e Concelleiras da nova corporación municipal do Concello de Vigo en relación a estrutura organizativa da EDUSI VIGO VERTICAL:

Atendendo a nova estrutura organizativa municipal derivada das resolucións da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019, e co obxecto de manter a mesma organización para o desenvolvemento da EDUSI VIGO VERTICAL indicada no propio manual de procedementos aprobado, procede propoñer:

- 1.- En relación ao nomeamento do responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais, así como en relación as obrigas para desenvolver o "Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas", corresponde de acordo a nova estrutura da corporación a D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, como Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.

- 2.- En relación ao ÓRGANO RESPONSABLE DA UNIDADE DE XESTIÓN, se mantén vixente a delegación especial por resolución do Alcalde de data 06/07/2018, na cal se designou como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto

EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismo Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda.

3.- En relación coa estrutura organizativa recollida no MANUAL DE PROCEDEMENTOS, sobre os Concelleiros responsables dos obxectivos temáticos, e necesario realizar unha adecuación dos mesmos de acordo coa nova estrutura municipal, sen que a mesma supoñan ningunha alteración a actual, xa que unicamente procede adecuar a estrutura dos novos Concelleiros e Concelleiras do Goberno Municipal, quedando a mesma do seguinte modo:

1.- Concelleiros responsable de obxectivos temáticos: Como Concelleiros responsables de cada unha destas áreas e coa función de outorgar conformidade ás solicitudes de operacións emitidas, proponse:

- Concelleiro Responsable OT2 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión do "servizo de administración electrónica", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle corresponde a: "Patricia Rodríguez Calviño, como Concelleira a Are de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal".

- Concelleiro Responsable OT4 e OT6 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión da "Area de Fomento", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle corresponde a: Francisco Javier Pardo Espiñeira, como Tenente de alcalde e Concelleiro da Area de fomento e servizos.

- Concelleiro Responsable OT9 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión do "Servizo de emprego", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle corresponde a: "Abel Losada Álvarez, como Concelleiro da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá".

A vista de todo o exposto, e de acordo co propio contido do Manual de Procedementos, procede dar conta á Xunta de Goberno Local das actuacións que van ditas polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da proposta de adecuación da estrutura organizativa vinculada a execución da estratexia de desenvolvemento urbano sustentable integrado (EDUSI) do Concello de Vigo, denominada "VIGO VERTICAL", en base a nova configuración da nova organización municipal que se indica no apartado expositivo do presente acordo:

Segundo.- Dese conta do acordo a Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano dependente da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda, na súa calidade Organismo Intermedio de Xestión, os efectos oportunos.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

38(691).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez